

## CROS ESCOLAR EN HORARIO LECTIVO 2024/25.

### NORMATIVA

A Secretaría Xeral para o Deporte, a través da Agrupación Deportiva Baixo Miño, e en colaboración co Concello de O Rosal e co CPI Manuel Suárez Marquier, organiza esta competición destinada aos centros educativos do ámbito de actuación desta Agrupación.

O obxecto é a promoción desta modalidade deportiva, incentivando o maior número de alumnos e alumnas posible, e primando a participación e integración por encima da competitividade e selección de calidade.

#### BASES

**1.- Data e lugar.** No recinto do CPI Manuel Suárez Marquier, o día 29 de outubro para alumnado de 2º, 3º, 4º e 5º de primaria, e o 30 para alumnado de 6º de primaria e 1º e 2º de ESO.

**2.- Categorías.** As categorías de participación son as correspondentes ao alumnado de cada nivel educativo:

- 2º de primaria (Benxamín 2017)
- 3º de primaria (Benxamín 2016)
- 4º de primaria (Alevín 2015)
- 5º de primaria (Alevín 2014)
- 6º de primaria (Infantil 2013)
- 1º de ESO (Infantil 2012)
- 2º de ESO (Cadete 2011)

Cada unha destas categorías terá unha subcategoría Feminina e Masculina.

**3.- Mutualidade.** A totalidade dos/das participantes deberá estar mutualizado en XOGADE na modalidade deportiva de campo a través coa antelación marcada no prazo de inscrición.

**4.- Inscrición.** Os centros inscribirán ao seu alumnado participante a través da aplicación de inscricións de AGRUDEBAM. Para iso accederase dende a web [www.agrudebam.es](http://www.agrudebam.es), no seu enlace, de inscricións, inscribindo segundo as instrucións pertinentes, publicada na web e difundidas aos centros participantes, cun prazo que remata o LUNS, 23 ás 14:00 horas.

**5.- Horario e distancias.** As probas desenvolveranse nun horario en función do desenvolvemento do transporte, e do número de alumnos e alumnas desprazados.

Hora de comezo: 10:00 horas (concurcencia de participantes, e preparación da primeira carreira).

Realizaranse carreiras por categoría e sexo, facendo probas sucesivas de categoría ata completar os participantes da mesma. A título **orientativo**, establécese esta táboa (pode variar en función da chegada dos participantes ou da duración real de cada carreira):

Día 29, para 2º, 3º, 4º e 5º primaria	
Hora	Proba
10:30	2ºF
10:45	2ºM
11:00	3ºF
11:15	3ºM
11:30	4ºF
11:50	4ºM
12:10	5ºF
12:30	5ºM
12:50	Remate das carreiras
Día 30, para 6º primaria e 1º e 2º ESO	
10:30	2º F

10:50	2º M
11:10	6º F
11:35	6º M
12:00	1º F
12:25	1º M
13:00	Remate das carreiras.

Distancias: os participantes percorreren as seguintes distancias no circuito que se pode ver na web [www.agrudebam.es](http://www.agrudebam.es):

Carreiras de 2º: 550 m

Carreiras de 3º: 600 m

Carreiras de 4º: 1050 m

Carreiras de 5º: 1100 m

Carreiras de 6º: 1350 m

Carreiras de 1º ESO: 1800 m

Carreiras de 2º ESO: 2050 m.

**6.-Dorsais.** Os/as participante levarán dorsal por diante, de maneira que sexa perfectamente visible na carreira. Estes dorsais serán facilitados pola organización aos centros educativos. Os dorsais virán identificados co nome e curso de cada participante. Os dorsais serán autoadhesivos, e haberá que ter coidado de preservalos da choiva (no seu caso) antes da carreira. Chegar a meta, ou pasar as doblaxes de volta sen o dorsal visible pode ser causa de non aparecer no rexistro de chegadas.

**7.- Resultados.** Realizarase unha clasificación individual segundo a orde de entrada en meta e outra por equipos en cada unha das categorías. Para a clasificación por equipos terase en conta os/as catro primeiros/as atletas que cheguen á meta de cada entidade (catro homes e catro mulleres), e sumaranse os postos destes catro, sendo a entidade que menos sume (tendo en conta os resultados masculinos e femininos) a vencedora da proba. En caso de empate resultará vencedor o equipo que teña o mellor posto individual. Os equipos corresponderanse co grupo/aula do centro, independentemente da categoría de cada membro.

**8.- Premios.** Medallas para os tres primeiros individuais de cada categoría. Estes premios non se poderán entregar no momento da carreira, por cuestións organizativas, remitíndose posteriormente a cada centro.



**9.- Clasificación para a fase provincial.** Haberá dúas probas na fase provincial, unha exclusiva para centros escolares a realizar en horario lectivo, e outra para todas as entidades participantes no XOGADE. Ambas dúas probas terán lugar e data a determinar pola Secretaría Xeral para o Deporte.

Provincial en horario lectivo: Clasificarase o mellor equipo en cada categoría (curso).

Provincial fora de horario lectivo: En todas as categorías desta competición (BF, BM, AF, AM, IF, IM, CF, CM), clasificaranse para a final provincial os/as cinco primeiros/as de cada fase zonal e curso. Os clasificados de cada grupo clase correrán a fase provincial dentro da súa categoría de idade.

**10.- Transporte.** O transporte xestionarase dende o Servicio Provincial, previa petición coordinada pola Agrupación coa antelación de unha semana. Imprescindible que remitates a esta agrupación a través do correo [agrudebam@gmail.com](mailto:agrudebam@gmail.com) ou a través do grupo de whatsapp o documento cuberto de INFORMACIÓN PREVIA que se enviou por estes medios aos centros, co mesmo prazo que o de inscrición.

**11.- Outras normas.** Para todas as cuestións non contempladas neste regulamento, aterase á normativa XOGADE.



**As carreiras:**

2º EP:	1volta Circuito B	550 m
3º EP:	1volta Circuito C	600 m
4º EP:	2 voltas Circuito B	1050 m
5º EP:	2 voltas Circuito C	1100 m
6º EP:	1v Circ A+1v Circ D	1350 m
1º ESO:	2 voltas Circuito D	1800 m
2º ESO:	2 voltas Circuito E	2050 m

